

## Materiais didácticos para a actividade

*Equipo de traballo*

*Juan Carlos Ávila Ribadas*

*Román Cerqueiro Landín*

*Paco Díaz*

### O curso paso a paso



**Primeiro paso:** Descarga o documento “Guía do curso”. Neste escrito coméntanse as características do curso que estás a piques de començar, o que pretendemos, os contidos que imos tratar e os mecanismos de avaliación que aplicaremos para superar a actividade.

**A continuación,** podes iniciar o teu percorrido polos módulos da actividade. Estes bloques de contido (que serán seis en total) irán estando dispoñibles na aula ao longo do desenvolvemento

da actividade. Comezamos cun módulo inicial, centrado fundamentalmente en que recoñezas e te acostumes a esta aula virtual, ás súas ferramentas e recursos.

Cada bloque de contidos estará estruturado do seguinte xeito:

- **Introdución:** Primeiro paso moi importante para entender qué se pretende en cada bloque e mais o porqué dos contidos e tarefas.
- **Contidos/Recursos:** Apartado onde residen algúns documentos, enlaces, recursos, guías, manuais, e demais ficheiros que poidan resultar útiles para o traballo.
- **Tarefas:** Actividades prácticas que debes realizar nos prazos marcados para superares cada módulo.
- **Foro do bloque.** Fundamental para o desenvolvemento da actividade. Aquí entraremos todos/as a compartir dúbidas, coñecementos, impresións, dificultades, logros, etc.

Sinalamos, especialmente, os apartados **Introdución e Actividades** porque son quen vertebran cada módulo. Así, na introdución, fórmulase o deseño do módulo, as súas pretensións, motivacións...e nas tarefas concrétanse as propostas feitas na introdución.

Sinalamos así mesmo o apartado titulado **Foro do bloque** porque debe ser unha ferramenta esencial nunha actividade como a presente. Un lugar de obrigada visita e de importancia vital para a aprendizaxe compartida.

Como verás, cada módulo establece unhas datas para ires resolvendo as tarefas correspondentes. Estas datas son as seguintes:

Bloque inicial	Do 18 ao 25 de febreiro
----------------	-------------------------

Bloque I	Do 25 de febreiro ao 9 de marzo
Bloque II	Do 10 ao 25 de marzo
Bloque III	Do 26 de marzo ao 10 de abril
Bloque IV	Do 11 ao 26 de abril
Bloque V	Do 27 de abril ao 10 de maio

Estas tarefas conforman o esqueleto da actividade. Pretendemos que experimentes, que fagas cousas, que o intentes, que probes. Trátase de aprender facendo, equivocarse... intentalo de novo. É como aprender a bailar...



<http://youtu.be/jDIO8HXEuys>

E máis nada. Agora queda o máis importante: entrar e comezar a traballar. Queremos darche a benvida. Agardamos que goces e aprendas moito con esta actividade... Que soe a música!



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.